

VIEIROS

Xestionado por [Vieiros](#)

ALBERTE MOMÁN, POETA

"Polo ben dos autores e da lingua galega non nos podemos cingir aos formatos tradicionais"

Presentou 'Baile Átha Cliat', gañador o pasado ano do Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas, que nesta ocasión foi para Enma Pedreira.

M.S.P. - 19:30 24/11/2008

En 2003 levou o Narrativas Quentes de literatura erótica por *O lobo da xente*; un ano despois fíxose co Premio Francisco Añón de Poesía con *Erótica*, no que novamente afondaba nestas temáticas. O pasado ano o seu poemario *Baile Átha Cliat* foi recoñecido como a mellor obra na segunda edición do Premio de Poesía Erótica Illas Sisargas, que hai uns días fallou unha nova edición, gañada esta vez por Enma Pedreira con *Xoguetes Póstumos*.

[Alberte Momán](#) é, polo tanto, un dos autores galegos que mellor manexa o xénero, que non últimos anos parece atravesar unha crise cuxa importancia matiza o autor: "*Non sei até que punto hai unha crise. Si que creo que está minguada a produción de textos con esa etiqueta tan específica, seguramente porque marca moito. A etiqueta de 'poesía erótica' ou 'literatura erótica' é moi limitante, crea un prexuízo previo. Pero na literatura galega si hai moito erotismo*". É dicir, hai menos 'literatura erótica' así chamada, pero [Momán](#) salienta que na literatura xeralista hai obras cunha carga de sexo moi importante, por exemplo o *Ser ou non*, de Borrazás.

Con respecto ao *Erótica* de 2004, *Baile Átha Cliat* (o nome de Dublín en gaélico) presenta novidades: "*son parecidos só en parte. Erótica era un libro máis sensual ca erótico, que trataba como a soidade pode xerar sentimentos sensuais. En cambio esta nova obra si afonda máis nas relacións directas*".

*é formosa e inacessível
como todas as formosas e inacessíbeis
que cravaram os ollos
longe do meu desejo
é formosa e inacessível
aprendi a amar a distância
entre ambos (Erótica, 2004)*

Novos formatos, novos soportes

En Momán destaca tamén a aposta pola difusión da súa obra en soportes que van máis aló do libro físico, aproveitando nomeadamente as ferramentas de Internet. Na rede están, por exemplo, os poemarios [O alento da musa](#), [Erótica](#) ou [Ferrol e o que queda por chover](#). Tamén publicou unha novela por entregas, *Efecto Iguana*, no suplemento cultural da Peneira. Ou por exemplo vai ver nos vindeiros meses como un poema seu ([Diálogo entre palabras que afirman e pensamentos que berran en silencio](#)) é convertido en canción no segundo disco de [Fanny & Alexander](#).

"Temos proxectos moi interesantes, como A Regueifa, que xa están distribuindo contidos moi interesantes. Polo ben dos autores e da lingua galega, non nos podemos cingir aos formatos tradicionais", di Momán, que conclúe que "o mellor soporte é aquel que é universal e asequíbel e Internet é universal e asequíbel". A última das obras que puxo na rede, en descarga libre para os seus lectores é Ferrol e o que queda por chover, no que repasa as súas orixes ferrolás, un libro pesimista a primeira vista pero que agacha unha mensaxe esperanzada: "digamos que reflite un pesimismo que evolúe. Eu vivín a miña infancia en Ferrol; e a min pasoume e segue a pasar así: infancias que viven Ferrol como cidade deprimida. Pero a clave é mudar estes sentimentos destrutivos en construtivos. En vez de fuxir o que podemos facer é ficar e resistir, mudar a situación. De aí o título do poemario: 'o que queda por chover'".

*Se así o queres
saberei volverme fronte a todo*

*Confeso sentirme lonxe
desta cidade de anos
que esqueceu mirar por min* (Ferrol e o que queda por chover, 2008)